

-¿Podería vostede dicirme que camiño debo tomar para marchar de aquí? - Iso depende do lugar onde queiras ir- respondeu o Gato. – A min non me preocupa moito onde...- comezou a dicir Alicia. - Nese caso pouco importa o camiño- interrompeu o Gato.-...sempre que chegue a algunha parte- engadiu Alicia, a xeito de explicación. - ¡Oh! - dixo o Gato- podes estar segura de chegar, sempre que camiñes abondo.(Lewis Carroll)

A nosa fermosa obriga é imaxinar que hai un labirinto e un fío. Xamais toparemos co fío, se cadra, o atopemos e o perdamos nun acto de fe, nunha cadencia, no soño, nas verbas que se chaman filosofía ou na mera e sinxela felicidade (Jorge Luis Borges).

Os primeiros pasos maorís cara á creación son os seguintes: hai o baleiro orixinario, e a ese baleiro séguenlle, o primeiro baleiro, o segundo baleiro, o amplo baleiro, o baleiro moi estendido, o enxoiro baleiro, o baleiro xeneroso, o baleiro deleitoso, o baleiro anoado, a noite, a noite suspendida, a noite que flúe, a noite que laia, a filla do soño inqueda, a alborada, o día permanente, o día escintilante, e, para rematar, o espazo. (Citado por Julio Cortázar).

Espazo (do lat. spatium, campo para correr) 1. Magnitude na que están contidos tódolos corpos que existen ao mesmo tempo e na que se miden eses corpos e a separación entre eles. 2. Anaco desa magnitude.

A expresión plástica é aquela que privilexia o aspecto espacial sobre o temporal.

Asocio o concepto de plasticidade coa plastilina da nenez. Na miña imaxinación, o puño infantil pechado sobre a plastilina é algo así como a chistera do mago, un lugar máxico onde a pomba convértese nun coello.

Nunha interpretación de claros e fondos recendos animistas, o escultor renacentista Miguel Anxo Buonarroti afirmaba que a obra atópase no interior do bloque de mármore, polo que ao escultor só lle queda quitar o que sobra.

Nun documental emitido, hai uns meses, por televisión, o excelente guitarrista Paco de Lucía recoñecía que aqueles compases onde, seguindo a prescrición de silencio inscrita nunha composición musical, tiña que deixar de tocar, producíanlle unha gran inseguridade. Podemos entendela, pois sabemos que encher os ocos, con arranxos e arabescos, forma parte da tradición e formación dun músico flamenco. Mais, o seu comentario deixa claro, sen lugar a dúbidas, a intelixente comprensión que amosa do peso e a densidade do silencio, como espazo imprescindible na construción musical.

Encher os baleiros, algo que, co tempo, amósase como unha solución miope e absurda, é unha tendencia que se pode observar nos primeiros pasos que alguén dá nunha actividade creativa. Encher cada centímetro de papel, tapar toda a tea, evitar as pausas. Pouco a pouco, e despois dunha dura aprendizaxe, un□ acaba por darse conta de que o baleiro, sexa un espazo en branco, un oco ou un silencio, é condición indispensable para a creación e estruturación dunha obra. E aí dáse a resposta máis madura a esa intuición orixinal: observalo, experimentalo, controlalo e utilízalo. Non existe unha linguaxe ata que o baleiro se integra nel, ata que, complementándose con ela, confire un sentido á forma.

O espazo baleiro non é algo que fica por encher e sobra, non é un retrinco, resto ou retallo, é tan positivo como o volume ou a masa, é como o seno materno das formas, o manancial preñado de potencia, onde, pola danza vital da enerxía, agroman todas as formas (Lao Tse).

O fútbol moderno, desde a época da selección holandesa dos anos setenta e do Ajax de Johan Cruyff, non se pode entender sen o movemento sen balón duns xogadores que, dun xeito continuo, procuran a creación de espazos libres, nunha correlación ininterrompida entre a ocupación e o baleiro.

O modo do estético é unha condición que se manifesta menos nas cousas que nas súas relacións (Max Bense).

Segundo o director de cine xaponés Akira Kurosawa, o Nô é unha forma de teatro completamente orixinal. No Nô valorase o hieratismo, o menor movemento posible. Por esa razón, o mínimo xesto, o menor desprazamento, produce un efecto realmente intenso e violento. Kurosawa cóntanos que os actores do Nô son uns auténticos acróbatas. Adéstranse de xeito constante, como atletas, para manter a súa flexibilidade, mais, no escenario, reteñen a súa enerxía e evitan os xestos inútiles.